



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CEDEIRA

Anuncio de bases para a provisión temporal mediante comisión de servizos dun posto de Policía Local do Concello de Cedeira

ANUNCIO

Bases para a provisión temporal mediante comisión de servizos dun posto de policía local do Concello de Cedeira

Por Resolución de Alcaldía número 2/2022 de data 04 de xaneiro de 2022 acordouse aprobar a convocatoria e a aprobación das Bases específicas para a provisión temporal mediante comisión de servizos dun posto de policía local do Concello de Cedeira.

BASES ESPECÍFICAS PARA A A PROVISIÓN TEMPORAL MEDIANTE COMISIÓN DE SERVICIOS DUN POSTO DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE CEDEIRA

I. Características do posto.

POLICÍA

Grupo: C1

Escala: Administración Especial

Subescala: Servizos Especiais

Escala C.PL.: Básica

Categoría: policía

Nivel complemento destino: 18

Complemento específico: 462,21

Adscrición: Administración Local

Titulación: Bacharelato ou equivalente

Observacións

Funcións e tarefas:

- As propias do seu posto de traballo atribuídas pola Lei 4/2007 e a súa normativa de desenvolvemento.
- Policía Administrativa e participar nas funcións de policía xudicial na forma establecida no artigo 29.2 de Lei de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- Executar as directrices emanadas do seu superior xerárquico, Alcaldía ou concelleiro/a delegado/a.
- Apoiar as demais áreas funcionais cando así sexa disposto.
- As demais estipuladas por Lei ou normativa de desenvolvemento.

II. Duración da comisión de servizos.

Ata a cobertura definitiva do posto polo sistema legalmente establecido. En todo caso a duración máxima será dun ano con posibilidade de prórroga por outro ano, de non ser cuberto con anterioridade.

III. Requisitos dos/as aspirantes.

1.º. Para participar na convocatoria: ser policía local, funcionario de carreira da escala de administración especial, subescala de servizos especiais, grupo C1.

2.º. Para ser nomeado/a: autorización ou informe favorable do Concello de orixe (posteriormente, no suposto de ser o candidato elixido, no prazo de 10 días hábiles).

IV. Criterios de selección de candidatos.

1.º. Formación: de 0 a 2 puntos.

- Cursos e acción formativas relacionadas co posto de traballo de policía local e impartidas por centros homologados, colexios profesionais, sindicatos, administracións públicas e centros formativos homologados ou acreditados oficialmente, con 20 ou máis horas de duración: 0,20 puntos por curso ata un máximo de 2.

2.º. Coñecemento da lingua galega: de 0 a 1 punto.

- Celga 1: 0,25.
- Celga 2: 0,50.
- Celga 3: 0,75.
- Celga 4: 1,00.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

3.º. Antigüidade: de 0 a 2 puntos.

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos ata un máximo de 2.

4.º. Entrevista curricular: de 0 a 5 puntos.

Realizarase unha entrevista ás persoas aspirantes á que se lle asignará unha puntuación máxima de 5 puntos, que versará sobre a experiencia profesional, aclaracións que se consideren necesarias en relación coa documentación achegada para xustificar os méritos alegados e á súa adecuación ás funcións específicas do posto.

V. Documentación a presentar.

1.º. Instancia, conforme ó modelo inserido a continuación, acompañada de:

- Copia do DNI.
- Copia da titulación esixida.
- Certificado da Administración de orixe acreditativa de que o/a aspirante é funcionario/a de carreira do corpo de policía local, con praza de policía local, Escala básica, grupo C1 e que se atopa en servizo activo.
- Currículo vitae onde se indiquen os méritos alegados (antigüidade, formación e coñecemento da lingua galega), acompañado da documentación acreditativa dos mesmos (certificados da prestación de servizos como policía local emitido pola Administración Pública correspondente xunto con vida laboral e copia dos títulos).

INSTANCIA:

“D./D.^a _____, con data de nacemento _____, DNI núm. _____, e con domicilio en _____, C.P. _____ (teléfono _____; correo electrónico _____), ante o Sr. alcalde do Concello de Cedeira, COMPAREZO e DIGO:

- Que pertenzo á administración _____, que ingresei en data _____, que exerzo na actualidade o posto de _____
- Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos no proceso de provisión de postos de traballo convocado e para o desempeño do posto de policía local (carné de conducir A2 e B en vigor, compromiso de portar armas durante o servizo e poseer capacidade funcional para desempeño do posto)
- Que adxunto á presente: currículo vitae, certificacións ou documentos que acreditan a categoría de policía local en activo, a antigüidade e formación alegada.

Por todo o exposto, SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude para a cobertura temporal dun posto de traballo de policía local mediante comisión de servizos.

En _____, ___ de _____ de 2022.

Asdo.: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CEDEIRA”

No caso de que haxa que facer algún tipo de requirimento ou realizar algún anuncio relativo a este proceso de provisión, realizarase a través da súa publicación na sede electrónica e páxina web do Concello de Cedeira.

No caso de que a instancia/documentación presentada teña que ser obxecto de subsanación, outorgarase un prazo de 3 días hábiles.

2.º. No seu caso, autorización ou informe favorable do Concello de orixe (posteriormente, no suposto de ser o candidato elixido, no prazo de 10 días hábiles).

VI. Prazo de presentación de instancias.

5 días hábiles dende a publicación do anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña. A convocatoria publicarase na sede electrónica municipal e na web municipal.

VII. Comisión de valoración.

Estará composta polo oficial-xefe da Policía Local, a secretaria do Concello (ou funcionario que sexa nomeado secretario accidental), o Técnico de Xestión (Administración Xeral), un policía local e un administrativo/a do Concello.

Os compoñentes da comisión deberán absterse de formar parte da mesma, notificándollo á autoridade convocante cando se de algunha causa de abstención sinalada no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A comisión para actuar necesita estar composta alomenos pola metade dos seus membros e decidirse por maioría de votos.

VIII. Nomeamento e toma de posesión.

A comisión de valoración elevará proposta a Alcaldía coa relación de candidatos e a proposta efectuada debidamente motivada no aspirante que reúna maior puntuación.

O/a funcionario/a proposto/a deberá presentar a autorización ou informe favorable do Concello de orixe no prazo de 10 días hábiles desde a comunicación da súa selección. No seu defecto, verá decaído o seu dereito ó nomeamento e proporase ó/á seguinte.

Rematado dito prazo e contando o expediente con toda a documentación necesaria para a tramitación da comisión de servizos, a proposta de nomeamento elevarase á Alcaldía-Presidencia quen resolverá o nomeamento a través do correspondente Decreto.

No caso de que, por calquera motivo, a persoa aspirante non proceda á toma de posesión no prazo de 3 días, nomearase ó seguinte candidato/a que figure na relación conforme ao orde de puntuación.

Así mesmo no caso de vacante temporal sobrevida no cadro de persoal do Concello poderase adxudicar comisión de servizos ó/á seguinte candidato/a da relación conforme ao orde de puntuación.

Asinado electrónicamente

O alcalde

Pablo Diego Moreda Gil

INSTANCIA:

“D./D.^a _____, con data de nacemento _____, DNI núm. _____, e con domicilio en _____, C.P. _____ (teléfono _____; correo electrónico _____) ante o sr. alcalde do Concello de Cedeira, COMPAREZO e DIGO:

- Que pertenzo á administración _____, que ingresei en data _____, que exerzo na actualidade o posto de _____
- Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos no proceso de provisión de postos de traballo convocado e para o desempeño do posto de policía local (carné de conducir A2 e B en vigor, compromiso de portar armas durante o servizo e poseer capacidade funcional para desempeño do posto).
- Que adxunto á presente: currículo vitae, certificacións ou documentos que acreditan a categoría de policía local en activo, a antigüidade e formación alegada.

Por todo o exposto, SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude para a cobertura temporal dun posto de traballo de policía local mediante comisión de servizos.

En _____, ____ de _____ de 2022.

Asdo.: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CEDEIRA

Cedeira, 4 de xaneiro de 2022.

O alcalde

Pablo Diego Moreda Gil

2022/29